

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### MEAÑO

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO QUE SE PRESTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS*

#### ANUNCIO

Aprobado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 8 de agosto de 2016, a modificación da Ordenanza municipal reguladora imposición do prezo público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos e da do prezo público mesmo, faise público o texto íntegro do devandita regulamento ó abeiro do artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

#### **“ANEXO MODIFICADO DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO QUE SE PRESTA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS**

##### *1. Prezo da atención educativa*

##### *a) Horario normal*

Horario de funcionamento do centro: de luns a venres de 8:00 a 20:00 horas.

Xornada completa: 8 horas

Media xornada: 4 horas

O prezo pola atención educativa en xornada completa fixase en 164,01 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 3 deste anexo.

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.



**b) Horario ampliado**

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas extraordinarias, sempre que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 20,50 € mensuais.

O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

**2. Prezo por servizos complementarios**

a) Servizo de comedor (achega dos medios persoais e materiais precisos para a axeitada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as). O prezo deste servizo fíxase en 20,50 € mensuais independentemente do nivel de renda e sen que sexa aplicable ningún dos descontos nin exencións das previstas nesta Ordenanza. Cando por motivos xustificadas utilicen este servizo por días soltos, o prezo será de 1,5 € por día.

b) Horario de comedor será das 13:00 ás 14:00 horas.

c) Servizos, fíxase en 25 os servizos que se poden atender.

**3. Aplicación dos prezos públicos mensuais por atención educativa segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:**

a) Rendos inferiores ao trinta por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.

b) Rendos comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.

c) Rendos comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM: Prezo da praza: 33,83% €.

d) Rendos comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM: Prezo da praza: 67,65 €.

e) Rendos comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM: Prezo da praza: 108,65 €.

f) Rendos comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM: Prezo da praza: 129,16 €.



g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 142,49 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 164,01 €.

#### 4. Descontos por atención educativa

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

#### 5. Exencións de pagamento por atención educativa

a) As familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 7.500 euros anuais gozarán da exención total de cota a partir da segunda filla ou fillo que acuda á mesma Escola Infantil.

b) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.



*Disposición derradeira primeira*

A presente modificación do anexo da Ordenanza Reguladora do Prezo Público polo servizo que se presta na Escola Infantil Municipal 0-3 anos, que foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 8 de agosto 2016, entrará en vigor, trala súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e será de aplicación o día seguinte da súa publicación no BOPP.”

Contra este acordo poderá interponerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

Meaño, 5 de outubro de 2016.—A alcaldesa, M<sup>a</sup> Lourdes Ucha Varela.

